



LITERATURAS NACIONAIS E ESPACIOS INTERCULTURAIS. O MODELO TEÓRICO DE DIONÝZ ĎURIŠIN NO CONTEXTO DA RENOVACIÓN DA HISTORIA LITERARIA COMPARADA*

Arturo Casas

Universidade de Santiago de Compostela

A convocatoria deste congreso fixou como un dos dous epígrafes temáticos a investigación multidisciplinar sobre as relacións entre Galiza e os outros pobos da Península Ibérica. No ámbito dos Estudos literarios, como noutros campos científicos aquí representados, iso implica case de maneira obrigada a incorporación dunha perspectiva comparatista e asemade a precisión sobre a metodoloxía que se prevé aplicar. Xustamente no debate metodolóxico é onde querería situar esta intervención, continuadora de traballos anteriores centrados nese mesmo terreo, nos que analicei o desenvolvemento problemático da Historia comparada da literatura a partir do século XVIII e en particular algunhas das propostas que na actualidade se están a aplicar baixo diferentes criterios teóricos, con atención ás dimensións epistemolóxica, heurística, cultural e política do seu traxecto disciplinar, tendo como obxecto preferente de proxección as literaturas nacionais do marco ibérico¹.

Convén destacar a inconveniencia de que as dúas delimitacións introducidas, marcadas pola nacionalidade e a contemporaneidade, acaben por inducir o esquezo doutras coordenadas complementarias. Entre elas, a do local, a do rexional e a asociada á proxección imperial ultramarina

* Traballo vinculado ao proxecto de investigación *Bases metodolóxicas para unha Historia comparada das literaturas na Península Ibérica*, dirixido por Fernando Cabo Aseguinolaza (Ministerio de Ciencia y Tecnología: BFF-2001-3812, con financiación parcial dos Fondos FEDER da Unión Europea; Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia: PGIDIT02PXIC20401PN). Agradezo a César Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela) e a Antoni Martí Monterde (Universitat de Barcelona) o acceso a varias das publicacións de Dionýz Ďurišin.

¹ Sempre é de interese contrastar as solucións historiográfico-comparadas aplicadas sobre outros espazos xeográficos de complexidade histórica, lingüística ou cultural semellante ou incluso superior á localizábel na Península Ibérica (Casas 2000 e 2003).

que na Idade Moderna caracterizou aos dous estados ibéricos consolidados, introductora dunha multiplicación de parámetros que só os Estudos Poscoloniais e os *Subaltern Studies* poderían sacar á luz en toda a súa intrincada e plural deriva. Comezou esta pola colonización de territorios en tres continentes –a partir do século XIX ampliada e reconducida a través de fenómenos migratorios de alta incidencia poboacional e cultural– e polo propio conflito histórico orixinado desde os albores da independencia portuguesa entre o expansionismo territorial castelán-español e as aspiracións lusas a unha emancipación definitiva². Cabo das espaciais, tampouco se deben olvidar por tanto as coordenadas cronolóxicas vinculadas a unha extensión histórica máis dilatada que a da estricte contemporaneidade. Neste sentido, e sempre baixo óptica comparada, semellaría obrigado o seguimento da produción/recepción medieval en linguas latina, hebrea e árabe, e en consecuencia tamén a atención a unha das peculiaridades que singulariza en termos históricos ás literaturas peninsulares, certamente a unhas máis que a outras: o longo periodo, nalgúns territorios ata de oito séculos, de convivencia interétnica, interrelixiosa e intercultural ao que puxo termo a expulsión da poboación non cristiá tras o cese en 1492 das campañas bélicas declaradas, unha expulsión levada a cabo polas coroas española e portuguesa que ten os seus últimos capítulos a comezos do século XVII e que representou o exilio definitivo para máis de medio millón de persoas, contabilizadas as poboacións xudía e morisca³. A este último respecto importa ter presentes dous puntos de vista que no decurso da historiografía literaria ibérica gozaron de non escasa fortuna e que corresponden a dous comparatistas de primeira hora: 1) que a lírica románica e en xeral a europea constituiría en realidade un desenvolvemento natural de formas arábigo-andaluzas antes que das latino-xermánicas e 2) que, sobre a base dos presupostos sociolóxicos asumidos pola escola de pensamento inspirada por Madame de Staël no seu *De la littérature considérée dans ses rapports avec les institutions sociales*, a tolerancia relixiosa vivida na etapa medieval na Península Ibérica tería deixado unha fortísima impronta cultural, causa de fondo, con outras, da especificidade literaria ibérica⁴.

Se o estudio das relacións entre Galiza e os outros pobos peninsulares en

² Por suposto, trátase de tensións que coñeceron e coñecen correlatos noutras zonas da Península.

³ Á parte das implicacións e reflexións de moi diversa índole que ese feito delongado no tempo poida ocasionar contemplado desde a actualidade, semella evidente que constituíu un dos episodios de maior transcendencia cultural na historia peninsular. Ante todo, supuxo unha renuncia autolimitativa á pluralidade e un firme compromiso a prol dunha construción identitaria destinada a eliminar a memoria da convivencia intercultural. Pode verse así mesmo como un banzo decisivo na renuncia a sólidas tradicións científicas, técnicas, filosóficas, artísticas e literarias, anuncio cabal dunha longuíssima fase histórica de afirmación e enclaustramento alicerzada nunha comprensión fundamentalista do feito relixioso e, nese marco, da *misión nacional* como garantía na represión e o ocultamento da diferenza.

⁴ O primeiro destes puntos de vista corresponde ao autor da exitosa e moi traducida obra en sete volumes *Dell'origine, progressi e stato attuale d'ogni letteratura* (1782-1799), o xesuíta valenciano Juan Andrés, quen por certo sufriu en carne propia un exilio de cincuenta anos ata o seu falecemento en 1817; o segundo pertence ao historiador suízo Jean-Charles Simonde de Sismondi, autor da obra en catro volumes *De la littérature du Midi de l'Europe* (1813), moi próxima nos datos manexados ás publicacións do primeiro hispanista e lusitanista centroeuropeo, o alemán Friedrich Bouterwek, pero non tan propicio coma este aos postulados estéticos de August W. Schlegel, sustentadores do entendemento da literatura española como a *máis nacional* entre todas as europeas. Naturalmente, esas bases que os pais do comparatismo europeo foron sentando desde finais do século XVIII e que permaneceron como referencia ineludíbel para especialistas posteriores están en dependencia do predominio dun eixe norte-sur para o establecemento dunha cartografía literaria continental, un eixe que só tardiamente se vería complementado pola exploración das relacións literarias entre as zonas oriental e occidental europeas, pendente das literaturas eslavas e mais das centroeuropeas de expresión non alemana. Tamén é claro que nesas bases iniciais, que destaco pola súa repercusión posterior (Domínguez 2003), é excepcional a mención de literaturas ibéricas distintas da portuguesa e a española.

relación co fenómeno literario-cultural presupón adoptar unha perspectiva comparada con vertentes de carácter crítico e/ou histórico, unhas veces de natureza bipolar e outras multipolar, o certo é que isto non deu conducido ata hoxe á programación dunha Historia comparada das literaturas ibéricas, extensiva ou non á totalidade do segundo milenio. Por suposto, existen outras alternativas que si recibiron atención, en especial os panoramas de carácter aditivo, caracterizados por un seguimento xustapositivo das distintas literaturas nacionais ou rexionais. Algo non desemellante ten acontecido noutras zonas europeas cun perfil xeocultural ou topográfico máis ou menos definido. Neste sentido, conséntase que a determinación das evidencias xeográficas é menor a miúdo do que a cartografía parecería comprometer, e en última instancia depende da fortaleza e da continuidade histórica dos programas e planificacións que as tradicións comparatistas internas e externas foron capaces de erguer (Cabo Aseguinolaza 2003; Casas 2003).

A ausencia de resultados satisfactorios tras dous séculos de exercicio do comparatismo demanda unha análise, por mínima que sexa. Entendo que no espacio ibérico as razóns de fondo estriban nunha serie de condicionamentos de raíz basicamente política, aínda que tamén académica. Esta última ten que ver co carácter pouco flexíbel dos nosos departamentos universitarios e en particular coa febleza e a descoordinación dos estudos comparados na Península Ibérica, raramente atentos por outra parte ás relacións intrapeninsulares e máis ben nesgados cara aos vínculos extrapeninsulares, predisposición esta compartida por case todos os comparatistas foráneos que desde o século XIX prestaron algunha atención ás literaturas peninsulares. Así as cousas, alén das análises de influencias ou confluencias concretas de carácter predominantemente bipolar, os estudos comparados de carácter aberto e con vocación de superar o contraste entre determinados escritores ou poéticas entran no terreo da excepción e obteñen un prestixio académico bastante limitado.

Os motivos de raíz política proveñen dunha dobre convicción bastante xeralizada. Dunha banda, a asociada á tradicional subsidiariedade disciplinar da Historia literaria, como mínimo desde comezos do século XIX, en relación cos procesos de *nation building*; doutra, da sospeita que, en especial a partir de Foucault, recae sobre o oficio do historiador en canto axente xustificador do presente que, a través do seu discurso, violenta o pasado para outorgar aos acontecementos escollidos un significado propicio a unha determinada causa⁵. Segundo é doado apreciar, esta dobre convicción atinxe de feito a unha dimensión ben definida, a da postulación e lexitimación das literaturas nacionais, entendidas case sempre baixo pautas orgánico-narrativas a partir das formulacións herderianas e en xeral románticas, nas que os elementos de afirmación autoxenerativa e teleolóxica están necesariamente acompañados de claves de exclusión, e non só para o establecemento xeralizado de que a cada literatura nacional corresponde unha única lingua nacional (base do coñecido como *criterio filolóxico*); non só, tampouco, para a constitución dun canon e dunhas características supostamente connaturais, transhistóricas e inmarcesibeis, infundidas a

⁵ Homi Bhabha (1990) ten falado sobre esas mesmas bases das dimensións pedagóxica e performativa das narrativas referidas á nación. Outra dimensión de interese é a que afecta ao grao de interdependencia entre as representacións da identidade individual e as da nación. Ou entre as do suxeito e as do estado. A este respecto, e en relación co caso español, véxase Lewis e Sánchez (1999).

partir dun dado *Volksgeist*. Penso máis ben, en sentido amplo, na cohesión que funda toda rede de enunciados inscritos nunha *formación discursiva* (Foucault 1969) e, nesa mesma dirección, no carácter da nación en tanto *comunidade imaxinada* (Anderson 1991).

Unha consecuencia inmediata deste recoñecemento sobre o substrato máis funcional que epistemolóxico da Historia literaria é o correlativo sobre a probábel marca contrahistórica da construción, en paralelo, das outras Histórias das literaturas nacionais concorrentes coa que ocupa unha posición de preeminencia ou hexemonía nun espazo xeocultural compartido. E acaso tamén, por extensión, de todo operativo de carácter comparado. Falar aquí de *contrahistoria* significa recoñecer o que de resposta hai a unha postulación que nalgunha medida nega a identidade propia, ou que, no peor dos casos, nega mesmo unha existencia diferenciada⁶. En termos políticos isto parecería representar unha especie de grave coacción ideolóxica da tarefa pretendidamente científica e neutra do historiador, un condicionamento excesivo de pendor nacionalista, non sempre declarado cando se sinalan as bases do traballo no campo nacional propio e case sempre subliñado en sentido reprobatorio á hora de assimilar as propostas historiográficas das outras literaturas/nacións⁷.

A partir desta análise e das súas premisas xustifícase por algúns a ausencia de programas comparatistas de intervención historiográfica no espazo xeocultural ibérico, programas que en principio non terían que supoñer a impugnación doutros alternativos, contados aí os que operasen con algún grao de imbricación⁸. E enténdese, tamén a partir desas mesmas bases, o habitual prexuízo de que a mera postulación dunha Historia comparada das literaturas peninsulares resulta ser, no caso máis favorábel, unha proba inequívoca de algo próximo a un compromiso iberista por parte dos seus promotores, entendido este en sentidos moi diversos a partir dos criterios de quen xulgue; ou, no peor dos casos, un ataque contra a estabilidade ou a integridade da(s) nación(s) afectada(s). Algo parecido acontece así mesmo noutros espazos xeoculturais caracterizados por constituírense conglomerados supranacionais nos que se rexistra unha concorrencia histórica continuada de literaturas escritas en linguas diferentes (marcos que a Escola de Bratislava clasifica como *comunidades interliterarias específicas* e como *comunidades interliterarias estándares*).

⁶ Linda Hutcheon (2002) advirte sobre a insistencia coa que determinados discursos contrahistóricos alentados baixo perspectiva poscolonial, ou como rectificación de determinadas minoracións de carácter étnico, lingüístico, relixioso, de xénero ou de tendencia sexual, entre outras, seguen a abundar no vello modelo identitario-teleolóxico baseado nalgunha forma de outorgamento de autoridade e na postulación dunha continuidade histórica no desenvolvemento orgánico ao longo do tempo deses colectivos silenciados ou negados polas historiografías oficializadas. Segundo o seu criterio, tamén na praxe contrahistórica acabaría tratándose de lexitimar unha certa tradición e unha certa homoxeneidade interna, se cadra non por un pulo purista de nostalgia das orixes —como sería consubstancial ás Histórias literarias das nacións consolidadas— senón por asumiren estas novas Histórias un programa utópico que ambicionaría en realidade unha intervención estratéxica destinada a gañar un futuro máis propicio para os colectivos minorados dos que se tratar.

⁷ Desde logo, o que poderíamos entender como condición constructivo-inventiva do labor historiográfico, en tanto planificación consensuada de discursos identitarios converxentes destinada á construción narrativa da nación, non sempre se manifesta en sentido explícito en todos os discursos como un intento groseiro de socavar ou debilitar os alicerces constructivo-inventivos que fundamentan as literaturas nacionais concorrentes, pero non hai dúbida de que historicamente tal concorrencia implica algunha clase de tensión e loita en procura dalgunha clase de supremacía parcial (nalgún xénero, nalgunha poética específica, nalgunha etapa...) ou mesmo a prol dunha xerarquización ou hexemonía global.

⁸ Tres exemplos: 1) a literatura galega no espazo da lusofonía, 2) as literaturas ibéricas das nacións sen estado, 3) a literatura catalana no espazo mediterráneo.

Cuestión á parte, pero tamén de interese, é a da posibilidade de que unha Historia literaria de carácter nacional e referida á produción nunha única lingua poida satisfacer algunhas das demandas que se consideran propias do comparatismo. Sen dúbida, tal programa resultaría plausíbel alén de factíbel. E non só iso: mesmo cabe destacar a notabilísima incidencia que na historiografía comparada recente alcanzou o modelo representado por *A New History of French Literature*, volume coordinado por Denis Hollier (1989), mediante o expediente de reunir dous centenares de breves capítulos marcados pola fragmentación cronodiscursiva da noción de *litteratura francesa*, pola renuncia a unha narratividade cohesiva e pola indagación nunha serie aberta de límites conceptuais sobre as formas da identidade, non só a nacional e non só a lingüística⁹.

Na miña percepción, son catro os principais modelos teóricos que neste momento poderían sustentar unha Historia comparada de aplicación ibérica. Cada un deles posúe os seus específicos fundamentos epistemolóxicos e as súas propias determinacións heurísticas, pero non hai dúbida sobre a súa coincidencia parcial nalgúns preocupacións e así mesmo en certos obxectivos non secundarios. Isto último non significa, lamentablemente, que exista un debate efectivo entre esas posicións, algunhas construídas desde unha especie de autosuficiencia epistemolóxica atenta en exclusividade ás súas propias raíces. A pluralidade desde a que están concibidos algúns destes catro modelos faría en realidade máis exacta a etiqueta de *modelos-marco*. Referireime de xeito esquemático a tres deles e detereime un pouco máis no último.

O primeiro modelo-marco é o auspiciado por Mario J. Valdés xunto con outros profesores da Universidade de Toronto a partir de mediados dos anos 90. *A Historia cultural comparada* enténdese como o estudio da produción e a recepción do imaxinario cultural en contextos sociais específicos, que deberían ser descritos separadamente de calquera narración de acontecementos. Moi receptivo á hermenéutica de Paul Ricoeur e a varias nocións que proceden xa de Hans-Georg Gadamer —sobre todo a de *historia efectual*—, procura Valdés o reingreso da Historia literaria no campo das disciplinas historiográficas, recoñecendo de entrada que a nosa percepción dos acontecementos históricos e estes mesmos de seu teñen xa a estrutura dun discurso narrativo e responden a unha *narratividade prefigurativa*, e asumindo por outra parte o reto de localizar un concepto posfoucaultiano e posmoderno da historia no que o diálogo con outras lecturas dos acontecementos históricos e cos *efectos* posteriores desas lecturas ocupa un lugar heurístico principal (Valdés 2002: 76-80). Outra asunción epistemolóxica importante é a da natureza multidisciplinar da Historia, en termos próximos aos que foran defendidos

⁹ Atópanse así epígrafes consecutivos como “1898 / The Dreyfus Affair” e “1905, 9 December / On Schools, Churches, and Museums”. A esta clase de operativos, obxecto de controversias moi acesas desde diversos flancos, é ao que se deu en chamar *modelo historiográfico enciclopédico*, por oposición ao narrativo-teleolóxico de marca idealista. Nesta liña de reconfigurar con ordenacións alternativas a Historia literaria merece un apuntamento a recente proposta de Joyce Moss (2002) aplicada ás literaturas española e portuguesa. O volume, como en xeral toda a serie na que se integra, parte da selección/canonización dunha serie de aproximadamente medio centenar de obras representativas que son lidas en relación co seu tempo histórico por parte doutros tantos especialistas. É peculiar neste dispositivo que a ordenación de capítulos obedeza a criterios alfabéticos en correspondencia co título traducido ao inglés da obra seleccionada (exclúese por tanto calquera secuenciación cronolóxica). Así, o primeiro capítulo ocúpase de *The Back Room* (Carmen Martín Gaité), o segundo de *Ballad of Dogs' Beach* (José Cardoso Pires) e o vixésimo sétimo, por exemplo, de *The Lusians* (Luís de Camões). Nas páxinas introductorias, a coordinadora menciona a pluralidade lingüístico-cultural peninsular, en relación coa cal non exclúe unha futura expansión do procedemento escollido que atendese tamén as literaturas vasca, galega e catalana (Moss 2002: XIX).

por Fernand Braudel. O diálogo co conxunto das ciencias sociais cobra así unha dimensión prioritaria. A concreción metodolóxica destes presupostos alcanza a día de hoxe unha moi importante proxección internacional a través do Coordinating Committee for Comparative Literary History da Asociación Internacional de Literatura Comparada, cun atractivo pulo da concepción aberta e rizomática do discurso historiográfico, manifesta en esquemas nodais próximos aos auspiciados por Denis Hollier, pero que prolongan as súas virtualidades a cortes non só cronolóxicos senón tamén topográficos (unha cidade multicultural, o curso dun río que atravesa varios países...), institucionais (determinada academia ou revista) e figurativos (heroes ou personaxes de ficción representativos dunha certa sensibilidade nacional/ rexional/local)¹⁰.

O segundo modelo-marco é o que respondería a unha ampliación dos postulados sistémicos da Teoría estrutural-funcional alemá, desenvolvida na Universidade de Múnic por Friederike Meyer e Claus-Michael Ort e inspirada na teoría dos sistemas de Talcott Parsons, e dos propios da Teoría empírica de Siegfried J. Schmidt e o Grupo NIKOL, pero sobre todo a unha expansión da teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar, complementados todos estes referentes en ocasións por teorías sociolóxicas ou culturolóxicas específicas, como a dos campos sociais de Pierre Bourdieu ou a semiótica da cultura de Iuri Lotman, ou mesmo polo constructivismo de Niklaus Luhmann (Rusch 1994; Maldonado Alemán 1999). Este tipo de propostas comezou a formularse nos anos 80, pero cobrou maior presenza en torno á fin de século. En relación co caso galego, González-Millán interesárase xa en 1992 polas aplicacións historiográficas da teoría dos polisistemas, como tamén o veñen facendo nos últimos anos os investigadores do Grupo GALABRA (Torres Feijó 2000). Non embargante, a ambigua vocación comparada do modelo teórico da Escola de Tel Aviv e do resto dos citados non facilitou en exceso os avances no terreo histórico-comparado, que é o que agora nos interesa perfilar. En países como Bélxica ou Canadá, entre outros motivos polo propio carácter plurilingüe e multicultural das súas sociedades e tamén polo empuje institucional a prol da construción de identidades nacionais algo máis sólidas, rexistráronse algunhas ampliacións concretas nesa dirección da man de José Lambert, Clément Moisan e o grupo CRELIQ, Milan V. Dimić e outros estudiosos relacionados co Research Institute for Comparative Literature da Universidade de Alberta ou Steven Tötösy de Zepetnek, o teórico máis representativo da plataforma metodolóxica coñecida como *The Systemic and Empirical Approach to Literature and Culture*. En todos estes casos a prioridade das análises recaeu sobre a historia da institución literaria no seu contexto cultural, sendo o de Even-Zohar o referente teórico máis comunmente solicitado.

O terceiro modelo está ligado aos Subaltern Studies, tanto nas súas formulacións iniciais segundo se desenvolveron a partir dos anos 80 na India por parte de Gayatri Spivak, Ranajit Guha ou Partha Chatterjee coma na orientación propugnada por Walter Dignolo en relación co ámbito latinoamericano (2002, 2003), e entre nós tamén por Xoán González-Millán

¹⁰ Un bo exemplo é o da proxectada Historia das culturas literarias na Europa central-oriental, da que informan Cornis-Pope e Neubauer (2002).

(2000) na fase final da súa produción teórica. Existen obvias conexións coa Teoría poscolonial, as posicións de Edouard Glissant ou Edward Said e en xeral cunha serie de postulados marxistas, en particular na súa reelaboración gramsciana. Outro caudal importante que se suma a esta corrente é o da Teoría dos discursos sociais, por onde volve comparecer a influencia de Bourdieu e a de algúns dos seus lectores críticos, como Bridget Fowler ou Craig Calhoun. Interesa destacar que o ámbito de aplicación deste modelo-marco transcende ao mundo descolonizado ou neocolonizado e chega de feito ao interior da propia Europa e do Primeiro Mundo, a miúdo coa intencionalidade de fundamentar un novo humanismo moi atento ao fenómeno imperialista e á globalización económica e cultural, tal e como teñen explicado Armando Gnisci (Ďurišin e Gnisci 2000: 41-46) e Walter Mignolo (2002). En concreto, González-Millán (1998) observaba nesta clase de referentes a mellor vía para a superación do criterio filolóxico e en xeral do que apelou como *nacionalismo filolóxico*. Unha peculiaridade importante dos *Subaltern Studies* é que naceron xustamente no marco do debate sobre o papel das disciplinas historiográficas e a noción/función do canon en espazos colonizados. Neste sentido, Mignolo vén propugnando unha descolonización da Historia literaria, que comezaría xa polo cuestionamento das nocións de historia e literatura e asumiría un *border thinking* entendido como consecuencia lóxica do por el estudiado como *a diferencia colonial*.

O cuarto modelo, no que nos deteremos algo máis, é o de Dionýz Ďurišin, eslavista de formación e especializado nas relacións literarias ruso-eslovacas. Dos seus entroncamentos e vínculos teórico-comparatistas informou con detalle el propio (Ďurišin 1974; 1984: 11-53). Apuntan á proxección comparada da eslavística do século XIX a partir dos traballos de Pavel Šafárik, á Poética histórica de Alexander Veselovski, á ampliación de certas claves do formalismo ruso e do estruturalismo checo —o diálogo con Jan Mukařovský deixou un impacto innegábel—, ao estímulo dos camiños explorados polo comparatismo ruso de procedencia formalista —Viktor Zhirmunski está tamén moi presente na concepción do proceso interliterario (Ďurišin 1989)— e mais polo comparatismo eslovaco de entreguerras —en especial, por Frank Wollman e por quen foi o primeiro director do Instituto de Literatura Mundial de Bratislava, Mikulaš Bakoš— e, en fin, aos retos da traductoloxía coeva. Pero tanta importancia como estes elos, tena para os teóricos de Bratislava a distancia respecto dun comparatismo positivista envorcado sobre as maniñas rutas dos estudos sobre *influencias*, así como o seguimento da profunda crise vivida polo comparatismo académico occidental nos anos 50 e 60 do pasado século.

A fundación en 1964 do Instituto de Literatura Mundial e os traballos que Ďurišin comezou a publicar a finais dos anos 60 favoreceron a investigación en dous terreos principais: as leis do proceso interliterario e a dinámica das comunidades interliterarias, adoito baixo unha óptica supranacional na que alenta a intención de superar a Historia literaria como disciplina. Outra ampliación epistemolóxica importante que subxace a ese cometido é a que Miloš Zelenka (Ďurišin e Gnisci 2000: 89-99) plasma na idea de ordenar o campo da Literatura comparada en dous subsectores, un equiparado á comparatística clásica e outro presentado como unha disciplina nova, centrada

no funcionamento das relacións interliterarias e localizada nun ámbito liminar entre as extremas da Teoría literaria, a Lingüística, a Estética, a Culturoloxía, a Etnografía, a Folklorística, a Economía e a Xeografía política. Sen dúbida, trátase dunha apertura atractiva, consecuenta ademais co establecemento dos factores históricos determinantes das comunidades interliterarias, que para Ďurišin son o étnico, o lingüístico, o xeográfico o político-ideolóxico e o administrativo. Nesta orde de cousas, pode afirmarse que a atención aos desenvolvementos xeculturais da interliterariedade converxe coa atención que desde as premisas dos estudos poscoloniais e sobre a subalternidade se concede a esa mesma esfera de problemas (Gálik 1999: 97). Semella evidente que na última fase da súa produción Ďurišin estaba moi pendente desas claves, polo que promoveu entre os seus colaboradores o estudio sobre as *condicións da subordinación extraliteraria*. Para isto dispuxo un corpo conceptual arredor de eixes como o sincretismo, a binacionalidade e a plurinacionalidade, a periodización e o ritmo do proceso interliterario, as incorporacións subsecuentes (recuperacións significativas de poéticas ou fenómenos dun tempo pretérito), a presentización/tabuización dos textos (qué amosan e qué ocultan os textos literarios baixo as condicións dunha dominación colonial) e outros (Ďurišin 1993: 51-73).

Todo isto comporta a secundarización das literaturas nacionais e do resto de unidades históricas dos procesos literarios nacionais e, en cambio, a concesión de prioridade ás efectivas unidades históricas do proceso interliterario, que para Ďurišin serían as catro seguintes: as comunidades interliterarias de tipo estándar —conglomerados supranacionais e supraétnicos cunha coexistencia histórica continuada que se fundamenta na converxencia dos factores determinantes antes indicados—, as comunidades interliterarias específicas —marcadas por unha interacción evolutiva especialmente intensa ou cohesiva—, os centrismos interliterarios —ámbitos máis amplos vinculados a determinacións xeográficas de gran escala, como as continentais— e a literatura mundial. É importante destacar que para Ďurišin ningunha destas unidades constitúe unha manifestación invariábel. Todas elas —incluídas as literaturas nacionais e a literatura mundial— aparecen formuladas como conceptos multiformes e cambiantes; todas están suxeitas a variacións e a reformulacións, a unha dialéctica de integración/desintegración que pode chegar a supoñer mesmo a súa desaparición como unidades históricas ou a súa reubicación nun marco diferente. Así, por exemplo, unha literatura nacional, pode formar parte de diversas comunidades interliterarias en distintos momentos históricos; e un centrismo interliterario como o mediterráneo modelaríase de xeito variábel en etapas diferentes. Trátase de procesos de reagrupamento rexional para os que os comparatistas eslovacos recoñecen non ter culminado un corpo de hipóteses satisfactorio (Vajdová 1990).

Malia a constitución dun grupo de traballo relativamente estábel e os case corenta anos de estudos sobre estas materias, o labor da Escola de Bratislava, publicado en lingua eslovaca e traducido só eventualmente ao ruso e ao alemán nunha primeira fase, tardou en ser coñecido fóra das extremas perfiladas polo dominio soviético. No recoñecemento actual, aínda limitado, tivo algo que ver a converxencia que nos anos 90 se produciu entre o grupo eslovaco e un núcleo de comparatistas da Universidade romana

La Sapienza, dirixidos por Armando Gnisci e que conta a Franca Sinopoli entre os seus máis destacados membros¹¹.

Talvez pola propia multiplicación de traballos e de proxeccións en zonas xeoculturais diversas, o corpo conceptual da Escola amósase hoxe disperso e incluso impreciso, algo recoñecido polo propio Ďurišin (1993: 11-12 e 83) á hora de presentar o glosario orgánico no que expuxo as propostas centrais da Escola. Unha das debilidades deste programa de investigación podería provir da súa propia ambición, focalizada a unha nova consideración da literatura mundial, que pasa a ser entendida así non como suma de literaturas nacionais ou de comunidades interliterarias —criterio aditivo—, tampouco como canonización dos autores máis representativos —criterio selectivo— ou como *Weltliteratur*, senón primordialmente en tanto categoría final pero variábel da ciencia literaria, e máis en concreto como a comunidade interliteraria de máis amplo diámetro. Perante a pregunta de qué fenómenos literarios son os que pertencen á literatura mundial, Ďurišin (1993: 29) responde que son aqueles que constrúen un sistema estruturado de tendencias evolutivas no proceso interliterario, de xeito tal que eles mesmos resultan condicionados xenética e tipoloxicamente a través da rede de vínculos recíprocos.

Unha das parcelas que se presentan como máis cohesionadas do labor do teórico eslovaco é a centrada na análise funcional do proceso interliterario, capacitada para ofrecer un notábel rendemento a propósito das comunidades interliterarias, tanto das específicas como das de tipo estándar, e quizais non tanto en relación cos centrismos ou coa literatura mundial. As tres funcións sinaladas por Ďurišin para explicar o proceso interliterario en canto evolución —a de integración, a de diferenciación e a de complementariedade— serían doadamente aplicabeis ao espacio xeocultural ibérico. A este propósito, e para rematar, sinalarei que este comparatista non adoita referirse ao espacio ibérico en canto tal como unha unidade histórica definida. As súas numerosas referencias ao mesmo pasan sempre pola consideración como *literatura multinacional*¹² e, en especial, como *comunidade interliteraria específica* do conxunto de catro literaturas: as que teñen por soporte as linguas castelá, catalá, galega e vasca (por tanto, con exclusión da portuguesa). Isto non significa que se descoñezan os vínculos entre as literaturas nacionais galega e portuguesa, ou outros que cabería indicar, pero o certo é que sobre eses plurais vínculos predominan con claridade os estatais-administrativos.

Non todos os modelos ata aquí atendidos constitúen primordial ou inicialmente plataformas teóricas para a constitución de Historias comparadas; algúns deles, sobre todo o segundo e o terceiro, incorporan o prisma comparado só en canto resulta necesario para a concreción de fenómenos de dependencia sistémica, de resistencia cultural ou de hibridación, por exemplo. Tampouco hai coincidencia na propensión máis teórica ou máis descritiva dos seus fundamentos epistemolóxicos, que *a priori* orixina

¹¹ Desde mediados dos anos 70 os traballos de Ďurišin empezaran a coñecerse e a ser tidos en conta por teóricos e comparatistas como René Wellek, Douwe Fokkema, William Tay, Earl Miner, Peter Zima ou Tania Franco Carvalho (Gálik 2000).

¹² Esta noción non aparece usada con excesiva frecuencia. En termos categoriais constitúe unha especie de pivote entre as unidades históricas dos procesos literarios nacionais e as do proceso interliterario. Ďurišin (1993: 20-21) cita outros exemplos de literaturas multinacionais, tanto inscritas nas fronteiras dun único estado (Canadá, Bélxica, a antiga Unión Soviética, a antiga Iugoslavia...) coma máis abertas (zona do Magreb, a lusofonía...).

respectivamente análises de tendencias interpretativa (modelos primeiro e terceiro) ou explicativa (modelos segundo e cuarto), esta última sen renuncia á aspiración de formular leis.

Sen embargo, os catro modelos representan unha refutación da Historia literaria convencional tal e como esta se axustou a presupostos románticos ou positivistas desde o século XIX, e nos catro localízase algún grao de aplicabilidade ao espacio xeocultural ibérico; ademais, todos teñen presentes —ou cando menos prevén— os fenómenos de desterritorialización e reterritorialización (García Canclini 1989) e a existencia de espazos *in-between*, difusos, mestizos, instersticiais e fronteirizos nun sentido moi amplo, nos que medran novas formas de identidade cultural (Bhabha 1994). En fin, os catro modelos aspiran a ofrecer unha contestación á célebre pregunta coa que David Perkins titulou en 1992 un libro da súa autoría, *Is Literary History Possible?*, acompañada no limiar por outra tarefa paralela, a de dirimir se a Historia literaria é a estas alturas unha disciplina intelectualmente respectábel. Como sustento das dúbidas asociadas a esas cuestións Perkins apelaba a unha vertente formal —as aporías da organización estrutural do obxecto de estudio en canto realidade histórica— e a outra discursivo-funcional —a irresistible vocación explicativa dunha disciplina creada polo idealismo para dar conta dos procesos do espírito e da conciencia nacionais—, ambas decisivas en termos epistemolóxicos e heurísticos e ambas incluíbeis a día de hoxe en tanto retos teóricos.

Bibliografía citada

- ANDERSON, Benedict. *Imagined Communities*. Londres: Verso, 1991.
- BHABHA, Homi K. “DissemiNation: Time, Narrative, and the Margins of the Modern Nation”. *Nation and Narration*. Ed. de Homi K. Bhabha. Londres e Nova York: Routledge, 1990. 291-322.
- BHABHA, Homi K. *The Location of Culture*. Londres e Nova York: Routledge, 1994.
- CABO ASEGUILAZA, Fernando. “Geography and Literature: On a Comparative History of the Literatures of the Iberian Peninsula”. *Neohelicon* 30/1 (2003).
- CASAS, Arturo. “Problemas de Historia Comparada: la comunidad interliteraria ibérica”. *Interlitteraria* 5 (2000): 56-75.
- “Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico”. *Interlitteraria* 8 (2003).
- CORNIS-POPE, Marcel, e John NEUBAUER. *Towards a History of the Literary Cultures in East-Central Europe: Theoretical Reflections*. Nova York: American Council of Learned Societies, 2002.
- DOMÍNGUEZ, César. “Imaginario e historia literaria. El caso de la Península Ibérica como geografía literaria orientalizada en el marco europeo”.

- Actas del XIV Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada*. Madrid: SELGyC, 2003.
- ĎURIŠIN, Dionýz. *Sources and Systematics of Comparative Literature*. Bratislava: Univerzita Komenského, 1974.
- *Theory of Literary Comparatistics*. Bratislava: Veda, 1984.
- *Theory of Interliterary Process*. Bratislava: Veda, 1989.
- *Communautés interlittéraires spécifiques*. Vol. 6: *Notions et principes*. Bratislava: Ústav Svetovej Literatúry SAV, 1993.
- ĎURIŠIN, Dionýz, e Armando GNISCI (eds.). *Il Mediterraneo. Una rete interletteraria*. Roma: Bulzoni, 2000.
- FOUCAULT, Michel. *L'Archéologie du savoir*. París: Gallimard, 1969.
- GÁLIK, Marián. "Comparative Literature as a Concept of Interliterariness and Interliterary Process". *Comparative Literature Now: Theories and Practice / La Littérature comparée à l'heure actuelle: Théories et réalisations*. Ed. de Steven Tötösy de Zepetnek et al. París: Honoré Champion, 1999. 95-104.
- "La ricezione dell'opera di Dionýz Ďurišin nello studio letterario occidentale". *Il Mediterraneo. Una rete interletteraria*. Ed. de Dionýz Ďurišin e Armando Gnisci. Roma: Bulzoni, 2000. 215-223.
- GARCÍA CANCLINI, Néstor. *Culturas híbridas. Estrategias para entrar y salir de la modernidad*. México: Grijalbo, 1989.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán. "A configuración historiográfica dunha literatura marxinal". *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992. 445-452.
- "O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional". *Cadernos de Lingua* 17 (1998): 5-24.
- *Resistencia cultural e diferenza histórica: A experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000.
- HOLLIER, Denis (ed.). *A New History of French Literature*. Cambridge (Mass.) e Londres: Harvard University Press, 1989.
- HUTCHEON, Linda. "Rethinking the National Model". *Rethinking Literary History: A Dialogue on Theory*. Ed. de Linda Hutcheon e Mario J. Valdés. Oxford e Nova York: Oxford University Press, 2002. 3-49.
- LEWIS, Tom, e Francisco J. Sánchez (eds.). *Culture and the State in Spain: 1550-1850*. Nova York e Londres: Garland Publishing, 1999.
- MALDONADO ALEMÁN, Manuel. "La teoría de los sistemas y la historia de la literatura". *Signa* 8 (1999): 251-279.
- MIGNOLO, Walter D. "Rethinking the Colonial Model". *Rethinking Literary History: A Dialogue on Theory*. Ed. de Linda Hutcheon e Mario J. Valdés. Oxford e Nova York: Oxford University Press, 2002. 155-193.
- *Historias locales / diseños globales. Colonialidad, conocimientos subalternos y pensamiento fronterizo*. Tres Cantos (Madrid): Akal, 2003 [2000].
- MOSS, Joyce (ed.). *World Literature and Its Times. Profiles of Notable Literary Works and the Historical Events That Influenced Them*. Vol. 5: *Spanish and Portuguese Literatures and Their Times (The Iberian Peninsula)*. Detroit: Gale Group, 2002.
- PERKINS, David. *Is Literary History Possible?* Baltimore: The Johns Hopkins

- University Press, 1992.
- RUSCH, Gebhard. “Teorías sistémicas en la Historiografía literaria alemana”. *Teoría/Crítica* 1 (1994): 137-172.
- TORRES FEIJÓ, Elias J. “Norma lingüística e (inter-)sistema cultural. O caso galego”. *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera. 1^{er} Encuentro de Lusitanistas Españoles*. Ed. de Juan M. Carrasco González et al. Cáceres: Universidad de Extremadura, 2000. t. II, 967-996.
- VAJDOVÁ, Libuša. “Les modes d’organisation des littératures nationales dans le processus interlittéraire”. *Proceedings of the XIIth Congress of the International Comparative Literature Association*. Vol. 4: *Space and Boundaries of Literature*. Ed. de Roger Bauer e Douwe Fokkema, 1990. 19-27.
- VALDÉS, Mario J. “Rethinking the History of Literary History”. *Rethinking Literary History: A Dialogue on Theory*. Ed. de Linda Hutcheon e Mario J. Valdés. Oxford e Nova York: Oxford University Press, 2002. 63-115.

Casas, Arturo. “Literaturas nacionais e espacios interculturais. O modelo teórico de Dionýz Ďurišin no contexto da renovación da historia literaria comparada”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.